

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA CONTAMINACIÓN ACÚSTICA

“ÍNDICE

Exposición de motivos.

TÍTULO I. Disposicións xerais.

TÍTULO II. Criterios de calidade acústica.

TÍTULO III. Criterios preventivos na edificación.

TÍTULO IV. Criterios preventivos nas instalacións e *actividades*.

Capítulo I. Prescricións xerais.

Capítulo II. Requisitos complementarios.

Sección 1ª. Instalacións en zonas residenciais.

Sección 2ª. *Actividades de hostalería-ocio*.

Sección 3ª. Outros usos.

TÍTULO V. Ruído de vehículos.

TÍTULO VI. Outros emisores acústicos.

TÍTULO VII. Réxime xurídico.

Capítulo I. Inspección municipal.

Capítulo II. Disciplina acústica.

TÍTULO VIII. Órganos colexiados.

Disposicións adicionais.

Disposicións transitorias.

Disposición derogatoria.

Disposición final.

ANEXOS:

I. Medida do nivel sonoro transmitido por emisores fixos.

II. Determinación do illamento acústico dos recintos.

III. Determinación do nivel sonoro en vehículos.

IV. Condicións dos accesos dos *establecementos*.

V. Estudo xustificativo do illamento acústico ó ruído aéreo.

VI. Definicións fundamentais.

VII. Varios.

Exposición de motivos

O ruído é a forma de contaminación máis habitual nos espazos urbanos, reducindo o nivel de calidade de vida dos cidadáns, e que ademais do dereito constitucional de gozar dun medio ambiente adecuado, pode conculcar outros, como son o dereito á saúde e a intimidade no domicilio.

Os municipios foron tradicionalmente, no exercicio das competencias que en materia de protección medioambiental lles atribúe a lexislación do réxime local, as administracións que asumiron un maior protagonismo na defensa dos dereitos constitucionais antes aludidos, fronte ás agresións por efecto do ruído.

Nesta liña enmarcouse a actuación do Concello de Lugo, iniciándose en 1995 coa aprobación da ordenanza medioambiental, continuándose o 16 de decembro de 1997 coa publicación da ordenanza xeral municipal reguladora da

contaminación acústica, é dicir, no intento de conseguir que o exercicio de todo tipo de actividades, especialmente as de carácter lúdico se desenvolvesen dentro duns límites que esixe a convivencia cidadá e o respecto ós demais.

Grazas á aplicación desta proluxa normativa foi posible atender numerosas reclamacións, dando cobertura xurídica á realización de numerosas actuacións municipais, unhas de carácter preventivo e outras de carácter sobrevido.

Pero o tempo transcorrido evidenciou as carencias destas normas, o que unido á necesidade de adaptación á numerosa normativa que con posterioridade entrou en vigor, aconsellaron proceder á modificación e ampliación do seu contido.

Coa aprobación do real decreto 1367/2007, do 19 de outubro que desenvolve a lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, cambia o panorama normativo español no eido da contaminación acústica, ó establecer os cimentos básicos, regulados anteriormente pola normativa autonómica.

O Concello de Lugo ó evidenciar na realidade cotiá, as insuficiencias da anterior normativa e á vista das experiencias acumuladas nestes últimos anos quixo dotarse dun novo regulamento, que actualizara e codificara nun único texto a regulación municipal fronte ás perturbacións sonoras mais habituais, contendo medidas prácticas e congruentes coa realidade, configurando uns medios precisos para posibilitar unha eficaz intervención, o establecemento de fórmulas de control que constituirán tanto un medio de coñecemento dos posibles focos de contaminación acústica, como unha certa garantía para as persoas promotoras das actividades.

Todo o anterior plásmase nun documento de amplo contido, por canto se pretende que sirva para dar resposta ás demandas dos cidadáns, que esixen cada vez máis unha protección efectiva e eficaz contra o ruído nas diversas e variadas presentacións en que aparece na convivencia diaria.

TÍTULO I. Disposicións xerais.

Artigo 1.- Obxecto.

A presente Ordenanza ten por obxecto regular a actuación municipal, no ámbito das súas competencias, co fin de protexer ás persoas e o medio ambiente contra as afeccións producidas pola *contaminación acústica*.

Artigo 2.- Ámbito de aplicación.

1. Quedan sometidas ás prescricións desta ordenanza, de obrigatoria observancia dentro do termo municipal de Lugo, os actos, actividades, instalacións, vehículos, obras e demais *emisores acústicos* que na mesma se mencionan e sexan susceptibles de producir molestias ás persoas situadas no seu campo de influencia.

2. Igualmente, queda sometida ás prescricións establecidas na ordenanza a calidade do illamento acústico nos recintos das *actividades*.

3. Exclúense das prescricións desta ordenanza:

a) Os sons de orixe natural, e os dos animais en réxime de liberdade.

b) O nivel de vibración, o ruído nos centros de traballo e o procedente das infraestruturas viarias, regulados en cada caso pola normativa específica.

c) Calquera outro *emisor* declarado exento nunha norma de rango superior.

Artigo 3.- Competencias.

Correspóndelle o Concello de Lugo exercer o control do cumprimento desta ordenanza, esixir a adopción das medidas preventivas e correctoras, indicar limitacións, ordenar realizar cantas inspeccións sexan precisas, aplicar as sancións correspondentes, e cantas outras competencias teñan atribuídas.

Artigo 4.- Obrigación xeral.

1. As prescricións contidas nesta ordenanza son de obrigado e directo cumprimento, sen necesidade dun requirimento de suxeición expreso, para todo emisor acústico contemplado no seu ámbito de aplicación.

2. O incumprimento ou inobservancia das normas, das condicións indicadas nas autorizacións administrativas ou nos actos e acordos baseados nesta ordenanza quedará suxeito ó disposto no réxime sancionador que esta establece.

Artigo 5.- Réxime de aplicación.

1. As prescricións contidas nesta ordenanza serán esixibles a través do proceso de obtención das correspondentes autorizacións, ordes, prohibicións e cantas figuras de intervención administrativa existan en dereito.

2. Esta norma será de aplicación tanto ós emisores ou usos pomenorizados como ós non mencionados expresamente e similares ós anteriores atendendo a razóns de analoxía funcional ou de equivalente protección acústica.

3. Respecto ó resto dos emisores e usos estarase ó disposto na normativa aludida na disposición adicional segunda.

Artigo 6.- Clasificación do ruído.

Co fin de poder diferenciar os diversos ruídos con maior racionalidade, efectúase unha clasificación do ruído en función dos seguintes parámetros:

1. Pola relación entre a situación do foco emisor e a do receptor:

a) Nivel de emisión: Cando o foco está no lugar receptor.

b) Nivel de inmisión: Cando o foco emisor está nun lugar diferente do receptor, existindo dúas situacións, dependendo do lugar receptor:

b.1) Nivel de recepción interior: O lugar receptor é o interior dun edificio.

b.2.) Nivel de recepción exterior: O lugar receptor é un espazo exterior.

2. Pola influencia do responsable no funcionamento do foco emisor:

a) Ruído autónomo: O producido por emisores que funcionan de forma autónoma, sen que o responsable poida variar as condicións de funcionamento. En xeral, o son procedente do público, queda cualificado como ruído autónomo.

b) Ruído inducido: O producido por aqueles emisores cuxas condicións de emisión quedan supeditadas á vontade do manipulador. De acordo con esta definición, o son dos equipos sonoros, queda cualificado como ruído inducido.

Artigo 7.- Determinación do nivel de ruído.

1. O protocolo para a determinación do nivel de ruído xerado polos emisores fixos obxecto de regulación nesta ordenanza especificase no anexo I, e polos vehículos no anexo III.

2. Os niveis sonoros emitidos por emisores acústicos suxeitos ó cumprimento dunha norma específica serán avaliados de conformidade coa mesma.

Artigo 8.- Determinación do nivel de illamento acústico.

1. A determinación do nivel de illamento acústico esixido ós distintos elementos construtivos e solucións illantes realizarase seguindo as prescricións establecidas nas Normas UNE-EN ISO 140 ou naquelas que as substitúan.

2. Os índices de illamento ó ruído aéreo e ruído de impacto obteranse de acordo coa Norma UNE-EN ISO 717 (partes 1 e 2), ou aquela que a substitúa.

Artigo 9.- Niveis de tolerancia.

Para o control do cumprimento desta norma, entre os valores requiridos na mesma e os resultados obtidos, admitiranse as seguintes tolerancias:

- a) Na valoración do illamento acústico ó ruído aéreo: 1 decibelio.
- b) Na valoración do illamento acústico ó ruído de impacto: 3 decibelios.
- c) Na obtención do tempo de reverberación: 0,1 segundos.
- d) Na determinación das superficies e lonxitudes: 2% do valor requirido.
- e) Na medida do ruído de recepción exterior: o determinado no anexo I.

Artigo 10.- Requisitos de precisión na instrumentación acústica.

Os sonómetros e calibradores, cumprirán os requisitos establecidos nas normas reguladoras dos instrumentos destinados á medición de son e calibradores acústicos. Estes equipos estarán verificados por unha institución autorizada, cunha antelación menor a un ano á de calquera medida.

Artigo 11.- Tipoloxía de medidas acústicas.

Establécense tres clases de medidas acústicas, segundo o cometido e persoal polo que se efectúen e que se describen a continuación:

a) Medidas de Vixilancia: Teñen por obxecto determinar o cumprimento dos niveis de ruído regulados nesta ordenanza, a fin de proporcionar os datos necesarios para poder exercer a potestade sancionadora, e cantas actuacións administrativas se contemplan no título VII. Serán efectuadas polos axentes da Policía Local, usando a metodoloxía establecida nesta norma.

b) Medidas de Verificación: Ademais do campo de aplicación das medidas anteriores, comprobarán o grao de eficacia das medidas preventivas e correctoras nos distintos *establecementos* e as avaliacións ambientais. Serán levadas a cabo polo persoal técnico municipal. Complementariamente cos métodos establecidos nesta ordenanza, aplicarán ós establecidos na normativa estatal e autonómica.

c) Medidas de Acreditación: Ademais do campo de aplicación das medidas anteriores, teñen por cometido acreditar a calidade acústica das edificacións. Este

tipo de medidas levaranas a cabo as entidades que contén ca respectiva homologación. Alternativamente á metodoloxía desta norma, poderán aplicar aquela que para o efecto establezan as normas ISO que correspondan.

Artigo 12. Perda de eficacia, vixencia e caducidade das licenzas.

1. Toda licenza municipal concedida para desenvolver, instalar, legalizar, trasladar ou ampliar os *establecementos* e *actividades* afectadas por esta Ordenanza, deixara de ser eficaz e perdera vixencia a todos os efectos, cando se declare caducada.

2. A caducidade será declarada polo Concello, previo procedemento con audiencia ós interesados. Os procedementos de caducidade da licenza poderán iniciaranse de oficio ou a instancia de parte interesada. A caducidade afectara tanto a licenza de actividade como a de apertura.

3. Procederá a caducidade das licenzas sen funcionamento, cando transcorran 6 meses dende a súa concesión, sen haberse iniciado a mesma, ou iniciada esta se produza un cese efectivo da *actividade* durante o prazo continuado de 6 meses, sempre que a inactividade non se derive das obras ou instalacións regulamentariamente impostas ou autorizadas que deben ser executadas en prazo, nin exista causa de forza maior que o impida. Así mesmo transcorridos 6 meses dende que fose requirido polo Concello, para a acometida de obras de adaptación do local sen que estas fosen realizadas. Procede igualmente a caducidade cando o titular se dea de baixa en calquera dos impostos relacionado coa *actividade*.

4. En todo caso, entenderase como cese efectivo da *actividade* dun *establecemento*, a baixa ou a falta de consumo nos servizos de auga ou electricidade durante un período continuado de 6 meses, por tratarse de servizos imprescindibles para que o funcionamento das *actividades* se realice nas debidas condicións de hixiene, salubridade e seguridade.

TÍTULO II. Criterios de calidade acústica.

Artigo 13.- Valores límite de inmisión.

1. Dada a diferente sensibilidade ó ruído nas áreas exteriores e nos recintos interiores das edificacións en función do uso e horario, establécense para *actividades* e, en xeral, instalacións fixas e cun funcionamento por tempo indefinido, os seguintes valores límite (VL):

a) Con respecto ás áreas acústicas:

TÁBOA I: Valores límite de ruído transmitido ó exterior (VLE).			
Tipo do uso predominante da área receptora.		8 h-22 h	22 h-8 h
E	Sanitario, docente e cultural protexido.	55 dB	45 dB
A	Residencial.	60 dB	50 dB
D	Terciario non recreativo ou de espectáculos.	65 dB	55 dB
C	Terciario recreativo ou de espectáculos.	68 dB	58 dB
B	Industrial.	70 dB	60 dB

En zonas comúns exteriores como patios de edificación, os valores límite serán 5 dB inferiores ós da área exterior.

b) Con respecto ós recintos das edificacións:

TÁBOA II: Valores límite de ruído transmitido ós recintos (VLI).			
Uso receptor.	Dependencia receptora.	8 h-22 h	22 h-8 h
Sanitario e residencial.	Dormitorios.	40 dB	30 dB
	Zonas de estancia.	45 dB	35 dB
Educativo e cultural.	Salas de lectura.	35 dB	35 dB
	Aulas e auditorios.	40 dB	40 dB
Terciario e administrativo.	Despachos profesionais.	40 dB	40 dB
	Zonas de estancia.	45 dB	45 dB
Industrial e almacén.	Zonas de estancia.	50 dB	50 dB
	Talleres e almacéns.	55 dB	55 dB
En zonas comúns interiores os valores límite serán 15 dB superiores respecto do recinto máis protexido.			

2. Respecto ós demais emisores acústicos obxecto de regulación nesta ordenanza, quedan sometidos ás limitacións que de xeito específico se establecen para cada un deles.

TÍTULO III. Criterios preventivos na edificación.

Artigo 14.- Ámbito de aplicación.

Están sometidos ás prescricións deste título os recintos e instalacións dos edificios obxecto de regulación do documento básico DB-HR do código técnico da edificación, aprobado polo real decreto 1371/2007, do 19 de outubro.

Artigo 15.- Condicións acústicas xerais na edificación.

Os diversos elementos construtivos que compoñen un edificio no caso de edificación nova ou integralmente rehabilitada, así como a instalación das novas instalacións da edificación, tales como ascensores, equipos de calefacción, de ventilación, de elevación de auga, etc., cumprirán os criterios de calidade acústica establecidos na norma aludida no artigo anterior.

Artigo 16.- Certificación acústica da edificación.

1. Para a obtención da licenza de primeira ocupación das edificacións con uso residencial diferentes de *vivendas* unifamiliares illadas, esixirase certificado emitido por unha entidade homologada, acreditativo do illamento acústico dos elementos construtivos, así como dos niveis sonoros transmitidos polas instalacións do edificio, realizado en condicións normalizadas de ensaio.

2. A representatividade das mostras sobre o conxunto da obra axustarase ós seguintes criterios mínimos:

2.1. O número mínimo “V” de *vivendas* sometidas ó menos a un ensaio será a parte enteira da raíz cadrada do total (N) das que integran a edificación:

$$V \geq Ent(\sqrt{N}).$$

2.2. O número “E” de ensaios a realizar non será inferior ó dobre do número obtido anteriormente ($E \geq 2V$) e respectará as seguintes regras:

a) En todo caso avaliarase o illamento acústico de fachada, e inmisión de ruído no espazo interior, incluíndo ó transmitido polas instalacións do edificio.

b) Cando existan *vivendas* lindeiras entre si, efectuarase o ensaio de illamento ó ruído aéreo.

c) Cando compartan un forxado, efectuarase o ensaio de illamento ó ruído de impacto.

2.3. As medidas deberán realizarse naqueles elementos construtivos que pola súa posición no edificio ou polos usos máis incompatibles que separan, sexan máis susceptibles á transmisión acústica.

TÍTULO IV. Criterios preventivos nas instalacións e actividades.

Capítulo I. Prescricións xerais.

Artigo 17.- Principio de aplicación.

1. As prescricións establecidas neste título son de obrigado e directo cumprimento para aquelas instalacións e *actividades* que obteñan autorización a partir da entrada en vigor desta ordenanza.

2. Respecto das autorizadas con anterioridade, a adecuación ás normas establecidas neste título realizarase segundo o estipulado nas disposicións transitorias.

Artigo 18.- Nivel de emisión interna (NEI).

1. Considérase como tal o nivel sonoro equivalente “A” máximo existente no interior dun *establecemento* avaliado ó longo dunha hora ($L_{Aeq, hora}$).

2. Para determinar os niveis de emisión interna, poderase recorrer a determinacións empíricas, datos estatísticos, programas informáticos, etc. A falta doutras hipóteses, tomarase como nivel de emisión interna o dado no anexo V.

Artigo 19.- Condición xeral de cumprimento.

1. Para satisfacer as esixencias desta norma no relativo á *contaminación acústica* deben cumprirse os seguintes límites na transmisión de ruído:

a) Ningún rexistro $L_{K_{eq,ti}}$ supera ós valores establecidos no artigo 13.

b) Os promedios diarios serán inferiores en 10 dB ós valores do artigo 13.

2. A primeira condición considerarase nos procedementos sancionadores, e ámbalas dúas na ponderación da validez das medidas correctoras.

Artigo 20.- Condicións xerais de illamento acústico ó ruído aéreo.

1. Para preservar os espazos próximos ás *actividades* en condicións acústicas inferiores ós valores límite, con carácter xeral, o valor do illamento acústico requirido nos recintos será igual ou superior ó obtido de restar do nivel de emisión interna previsto os valores expresados no artigo 13 reducidos en 10 dBA.

2. No caso de resultar valores distintos aplicando os criterios anteriores cos mínimos establecidos nesta norma, adoptarse o máis esixente.

3. Cando os focos emisores de ruído sexan elementos puntuais, poderá limitarse a eses puntos.

4. Os requisitos de illamento acústico entenderanse como criterios preventivos, e o seu cumprimento non eximirá da obriga de axustarse ó establecido no artigo anterior.

5. Cando o recinto se implante nunha *vivenda* unifamiliar, e o *titular* acredite ser propietario da *vivenda*, e de estar habitada, residente efectivo da mesma, o illamento do recinto respecto de esa *vivenda* será o esixido nas normas reguladoras da calidade acústica na edificación que lle foran de aplicación.

Artigo 21.- Recintos ruidosos.

Son recintos que, polos niveles de emisión previstos no seu interior respecto dos usos alleos máis próximos, se presuma que superarán as condicións establecidas no artigo 19, necesitando requisitos de insonorización superiores ós proporcionados polos elementos construtivos ordinarios. Tales supostos comprenden ós recintos cun nivel de emisión interna superior:

a) En máis de 25 dB ó límite da área exterior circundante ($NEI > VLE + 25$).

b) En máis de 35 dB ó límite interior dos recintos lindeiros ($NEI > VLI + 35$).

Artigo 22.- Estudo acústico das *actividades* e instalacións.

1. Todo proxecto de *actividade* incluíra un estudo que conterà as medidas correctoras necesarias para garantir que se respectan os límites establecidos no artigo 19. Este estudo abarcará en todo caso os seguintes aspectos mínimos:

a) Nivel de emisión interna (NEI).

b) Valoración da posible transmisión de ruído, vibracións e impactos.

c) Zonas máis probables de recepción de ruído, sinalando os límites (VL) en función do horario de funcionamento da *actividade* ou instalación.

d) Descrición das solucións técnicas propostas ou xa existentes.

e) No caso das *actividades de hostalaría-ocio*, plano de situación a escala 1:1000, con xustificación do artigo 44, segundo anexo IV.

2. Para facilitar os cálculos e verificación do cumprimento das esixencias de illamento a ruído aéreo apórtase no anexo V ficha resumen do mesmo.

3. Naqueles casos que, pretendendo cambiar de *actividade* ou legalizar a existente, se conte xa cun certificado de ensaios acústicos, este poderá substituír ós cálculos teóricos correspondentes ó illamento.

Artigo 23.- Acreditación acústica dos recintos ruidosos.

1. A eficacia dos tratamentos acústicos executados deberase acreditar mediante ensaios normalizados efectuados polas entidades ás que se refire o artigo 11.c, cando o valor a acreditar dos mesmos sexa:

- a) Superior a 55 dB, no caso do illamento ó ruído aéreo ($l_a > 55$ dB).
- b) Inferior a 40 dB, no caso do illamento ó ruído de impacto ($l_i < 40$ dB).
- c) Inferior a un segundo, no caso do acondicionamento acústico ($T_r < 1$ s).

2. A anterior disposición entenderase sen prexuízo da facultade do Concello para realizar cantas comprobacións e medicións considere necesarias.

Artigo 24.- Deberes dos titulares.

1. Os *titulares* das *actividades* están obrigados, no exercicio das mesmas, a:

- a) Respetar as condicións relativas ó exercicio da *actividade* e de configuración do *establecemento*.
- b) Cumprir as ordes que lles poida dirixir a Administración municipal.
- c) Non instalar sen expresa autorización equipos que requiran dela.
- d) Impedir a propagación sonora ó exterior a través das portas abertas.
- e) Respetar o nivel de emisión (NEI) previsto.

2. No caso das *actividades de hostalaría-ocio*, ademais das anteriores, adoptar as medidas necesarias para impedir que os usuarios efectúen as consumicións fóra dos espazos autorizados.

3. Nas *actividades* dotadas de calquera dos equipos de control sonoro (artigos 25 e 40), manter estes equipos en condicións de funcionalidade.

Artigo 25.- Control do nivel de emisión interna.

1. Co fin de facilitar o control do nivel de emisión interna das *actividades*, a Administración municipal poderá acordar a instalación de sistemas rexistradores de nivel sonoro:

1.1. Cando sexa preciso avaliar o nivel de emisión interna dunha *actividade* da que se presuma que xera molestias, mediante un rexistrador instalado polo Concello por un tempo determinado, previo depósito da fianza por parte do titular como garantía para a reposición do rexistrador ó estado da instalación.

1.2. Cando a *actividade* xere *contaminación acústica*, mediante a instalación por tempo indefinido e por conta do titular, dun equipo rexistrador capacitado para:

- 1º. Rexistrar os niveis sonoros e a data e hora na que se producen.
- 2º. Detectar posibles manipulacións.
- 3º. Conservar a información anterior polo menos un mes.

4º. Cando a *contaminación acústica* sexa xerada como consecuencia do funcionamento dun *equipo de megafonía* disporá dun limitador de potencia, con capacidade para:

a) Activación automática co acendido do *equipo de megafonía*, sen posibilidade material de que ningún elemento amplificador poida funcionar independentemente do limitador.

b) Acceso restrinxido, no que quede constancia das intervencións que se efectúen por calquera técnico.

ACTAS E GOBERNO

JACA/jch

Refª: ORCA.doc

Asunto:

c) Sistema de limitación espectral en bandas de $\frac{1}{3}$ de oitava, onde o nivel de limitación en cada banda será a suma dunha das curvas NR que se definen no anexo VII e a curva do illamento acústico obtida utilizando preferentemente como fonte de ruído os propios altosfalantes do *equipo de megafonía*.

2. Os datos obtidos polos sistemas de control, serán suficientes para iniciar os procedementos administrativos que procedan. No caso de contradición cos obtidos como resultado dunha medida de vixilancia, prevalecerán estes últimos.

Capítulo II. Requisitos complementarios.

Sección 1ª. Instalacións en zonas residenciais.

Artigo 26.- Prescrición xeral.

Todo elemento susceptible de xerar afección acústica pola transmisión sonora ou trepidación deberá estar dotado de dispositivos illadores antivibratorios adecuados e, se fose necesario, de fundacións ou bases especiais.

Artigo 27.- Conduitos.

1. A conexión dos equipos para o movemento e aceleración de fluídos realizarase mediante dispositivos elásticos nos primeiros tramos tubulares e, se é necesario soportarase mediante elementos antivibratorios.

2. Se atravesan paredes e forxados, as conducións ríxidas farano sen fixarse directamente ós citados elementos construtivos, dotándoas, se fose preciso, mediante unha montaxe elástica de probada eficacia.

Artigo 28.- Ventilación e climatización.

A extracción de aire do acondicionamento de *actividades* ou instalacións, realizarase a un ritmo de funcionamento tal que non produza no exterior niveis de ruído superiores ós establecidos na táboa I. En caso contrario será preceptiva a instalación de dispositivos silenciadores nas conducións do aire.

Artigo 29.- Persianas de seguridade.

As persianas dos diversos *establecementos* montaranse coas precaucións necesarias para que o ruído transmitido durante o seu funcionamento cumpra os límites establecidos na táboa II. Para tal fin dotarase a suxeición das mesmas de ancoraxes elásticos e se fose necesario, motorizarase a súa apertura e peche.

Artigo 30.- Equipos sonoros.

1. O nivel máximo de emisión de cada altosfalante medido en dBA a 1,5 m na dirección de máxima emisión, quedará deducido de restar 10 dBA á suma do índice de illamento é o valor límite nos espazos lindeiros: $NEI \leq VL + Ia - 10$.

2. No caso de superar o límite exterior en 15 dBA cas portas abertas, reaxustarase o volume, ata facelo compatible co referido limite.

3. O recinto onde se instalen *equipos de megafonía* deberá dispoñer dun illamento acústico ó ruído aéreo mínimo con respecto a *vivendas* de 55 dBA, se a

actividade ten un funcionamento autorizado exclusivamente de 8 ata as 22 horas e de 65 dBA nos demais supostos.

Artigo 31.- Recintos técnicos.

1. Os recintos ruidosos onde se concentren equipos xeradores de ruído estacionario ou tonal como transformadores, compresores, ventiladores, etc., illaranse integramente en solo, paredes e teito, na gama de frecuencias destacables.

2. Alternativamente ó método establecido no artigo 20.1, cando o espectro de emisión máxima sexa coñecido, poderase deducir o illamento mínimo necesario mediante análise espectral, restando do espectro de emisión a curva NR-20, cando a instalación funcione exclusivamente entre as 8 e as 22 horas, ou a curva NR-10 nos demais supostos. Ámbalas dúas curvas se detallan no anexo VII.

Sección 2ª. Actividades de hostalaría-ocio.

Artigo 32.- Alcance da regulación.

1. Quedan incluídos nesta sección calquera das relacionadas nas aliñas 2.6 e 2.7 do anexo do decreto 160/2005, do 2 de xuño, polo que se modifica o decreto 292/2004, polo que se aproba o catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia, así como calquera outro cuxa *actividade* principal ou secundaria inclúa a expedición de bebidas alcohólicas para ser consumidas no seu interior e cun funcionamento total ou parcial entre as 23:00 e as 7:00 horas.

2. Ademais do cumprimento dos criterios anteriores establecidos neste título, estarán sometidos ós que se establecen nos artigos seguintes.

Artigo 33.- Tipoloxía.

Co obxecto de diferenciar as *actividades* do artigo anterior pola súa incidencia acústica e, en consecuencia, esixir a adopción das medidas preventivas pertinentes, clasifícanse ós efectos desta norma, nos seguintes tipos:

a). Tipo 1: *Actividades* de restauración, cuxa principal fonte emisora de ruído é a procedente dos usuarios, sen prexuízo que poidan dispoñer de *ambientación musical* cun nivel máximo autorizado ata 85 dBA. Tales *actividades* comprenden a café-bares, cafeterías, restaurantes e similares. Os salóns de banquetes para poder celebrar bailes deberán contar cos illamentos acústicos ó ruído aéreo e a ruído de impacto correspondentes os dos *establecementos* tipo 3.

b). Tipo 2: *Actividades* de ocio e entretemento, cuxa principal fonte emisora de ruído é a *ambientación musical* procedente de aparellos musicais cun nivel máximo autorizable ata 95 dBA. Considéranse como tales os pubs, karaokes e similares.

c). Tipo 3: *Actividades* de ocio e entretemento, que por ofertar espectáculos, *amenizacións musicais*, ou dispor de pista de baile requiren dunha sonorización cun nivel de emisión superior a 95 dBA. Considéranse como tales as discotecas, salas de festas e de baile, tablaos flamencos, cafés-concerto, cafés-teatro e similares.

ACTAS E GOBERNO

JACA/jch

Refª: ORCA.doc

Asunto:

Artigo 34.- Solucións construtivas.

1. Nos *establecementos* situados en edificios con uso residencial, con carácter xeral, adoptaranse como medidas preventivas a instalación de:

- a). Solo flotante ou desolidarizado.
- b). Trasdoados laterais, flotantes e desolidarizados.
- c). Teito acústico, desolidarizado construtivamente do forxado superior.

2. Eximiráselles da adopción das anteriores solucións construtivas a aqueles paramentos que garantan por si mesmos o illamento mínimo necesario.

Artigo 35.- Illamentos acústicos.

1. As instalacións de protección acústica referidas no artigo anterior proxectaranse para garantir con respecto á *vivenda* máis afectada os seguintes valores mínimos de illamento acústico, en función da tipoloxía do *establecemento*:

- a). Un índice I_a ó ruído aéreo igual ou superior ós seguintes:

Tipo	Illamento a ruído aéreo (I_a).
1	65 dB
2	75 dB
3	80 dB

- b). Un índice I_i ó ruído de impacto igual ou inferior ós seguintes:

Tipo	Illamento a ruído de impacto (I_i).
1	35 dB
2	32 dB
3	30 dB

2. Estes illamentos caracterizan á sala da *actividade*. Nas demais dependencias do *establecemento* o illamento acústico deducirase por analogía funcional cos requiridos para outras *actividades*.

3. Non se autorizará comunicar recintos accesibles ó público con patios de edificación de uso residencial colectivo, e calquera outra dependencia do *establecemento* con zonas interiores destas edificacións.

4. Nos recintos situados en solo con uso residencial dotados de *equipos sonoros* diferentes dos sinalados no artigo 39.1 non se autorizará a instalación de fachadas móbiles e fiestras practicables. As portas de comunicación co exterior disporán de sistema automático de retorno a posición pechada.

Artigo 36.- Acondicionamento acústico.

1. Nos *establecementos* tipo 1, os espazos reservados á estancia do público proxectaranse con tempos de reverberación T_r inferiores a un segundo,

empregando na decoración de teitos e paredes materiais coa absorción acústica adecuada.

2. O valor T_r do tempo de reverberación no local baleiro estará definido pola media aritmética dos valores nas bandas de frecuencia 500, 1000 e 2000 Hz.

Artigo 37.- Accesos.

1. Son os elementos de comunicación entre unha dependencia do *establecemento* accesible ó público con espazos de tránsito para entrada ou saída de usuarios.

2. Ós efectos desta ordenanza non se considerarán aqueles que non comuniquen directamente cun recinto accesible ó público, e estean destinados exclusivamente para:

- a) Uso do persoal, entrada de mercadorías ou saída de residuos.
- b) Evacuación de persoas no caso dun sinistro cando, sendo esixibles por normativa, carezan dos elementos necesarios para ser utilizados como entrada.

Artigo 38.- Vestíbulos de acceso.

1. Nos *establecementos* con *equipos de megafonía* autorizados para xerar niveis de emisión superiores en 30 dBA sobre os valores límite da zona exterior (táboa I do artigo 13), os accesos dotaranse dun vestíbulo constituído por dúas portas como mínimo. As portas serán abatibles con eixo vertical, con apertura por simple presión para o exterior, con retorno a posición pechada en todo o percorrido.

2. En función do *establecemento* e nivel de emisión autorizado serán esixibles os seguintes requisitos adicionais:

a) Nos *establecementos* tipo 2 situados en solo con uso residencial e aqueles outros cun nivel de emisión superior en 40 dBA sobre o valor límite exterior, os ocos das portas distarán entre si ó menos 2 metros, estando totalmente desenfados, de xeito que sexa imposible trazar unha liña recta horizontal dende o exterior ata o interior do *establecemento*.

b) Nos *establecementos* tipo 3 situados en solo con uso residencial, ademais do anterior, o vestíbulo terá unha superficie mínima de 10 m².

c) Nos demais supostos, con niveis autorizados non superiores en 40 dBA sobre os valores límite do exterior, non se esixen mais requisitos acústicos que os establecidos no parágrafo 1.

3. Estes requisitos entenderanse sen prexuízo do establecido na normativa reguladora de accesibilidade e de prevención de incendios.

4. O único uso autorizado destas dependencias será de zona de espera para a entrada e saída ou acceso á taquilla e gardarroupa.

5. Co fin de conseguir un maior illamento no vestíbulo, recoméndase utilizar na súa decoración materiais de alta absorción acústica.

Artigo 39.- Equipos sonoros.

1. Os aparellos de radio e TV de tipoloxía compacta, de potencia de amplificación non superior a 25 W, constituídos por un só elemento, sen posibilidade de desvincular os altosfalantes, non necesitan autorización específica.

ACTAS E GOBERNO

JACA/jch

Refª: ORCA.doc

Asunto:

2. Queda prohibida a instalación de equipos sonoros diferentes dos anteriores sen contar coa autorización pertinente, na que quedarán determinadas as características técnicas.

3. Os *equipos sonoros* que se instalen nos novos *establecementos* axustaranse ás seguintes regras:

a). *Establecementos* tipo 1. Poderán dispoñer de aparellos de radio, TV, fío musical e equipo reprodutor, con amplificador de potencia ata 2 W/m^2 da superficie útil para sonorizar, con altosfalantes repartidos polo local cun nivel de emisión máximo de 85 dBA.

b) *Establecementos* tipo 2. Poderán dispoñer de aparellos de radio, TV, fío musical e equipo reprodutor, con amplificador de potencia ata 5 W/m^2 da superficie útil para sonorizar, con altosfalantes repartidos polo local cun nivel de emisión máximo de 95 dBA.

c) *Establecementos* tipo 3. Poderán dispoñer de calquera equipo sonoro, quedando unicamente limitado o nivel de emisión ata un máximo de 105 dBA, condicionado polo illamento acústico dispoñible (artigo 30).

Artigo 40.- Limitador-rexistrador sonoro.

1. Coa finalidade de controlar a repercusión dos *equipos de megafonía* que se instalen dos diversos *establecementos*, con carácter xeral será preceptiva a instalación dun equipo limitador-rexistrador sonoro que, ademais das condicións establecidas no artigo 25.1.2, dispoña dun sistema con posibilidade de transmisión dos datos almacenados de forma telemática.

2. Este equipo será preceptivo nos *establecementos* tipos 2, 3 e, cando dispoñan de *equipos de megafonía*, nos tipo 1.

3. Unha vez instalado, será precintado polo instalador e verificado o seu correcto funcionamento polo Concello.

Artigo 41.- Certificado do limitador-rexistrador.

1. Previo ó inicio da *actividade*, o *titular* deberá presentar conxuntamente coa acreditación acústica regulada no artigo 23, un informe emitido polo instalador que conteña, polo menos, a seguinte información:

a) Plano de situación do micrófono rexistrador e dos altosfalantes instalados.

b) Características técnicas dos elementos amplificadores: potencia RMS e rendemento en función da superficie útil para sonorizar en W/m^2 .

c) Esquema de conexiónado unifilar de todos os elementos da cadea de son, incluíndo como parte dela o equipo limitador-rexistrador.

d) Parámetros de instalación: número de serie, nivel máximo de emisión en dBA, niveis máximos de inmisión nos recintos lindeiros e no exterior, funcionando o *equipo de megafonía* ó nivel máximo autorizado.

e). Declaración expresa sobre a imposibilidade técnica de funcionamento do *equipo de megafonía* sen activación do sistema de limitación.

2. Calquera modificación que implique un aumento na emisión sonora implicará a realización dun novo informe de instalación.

Artigo 42.- Obrigacións do titular respecto ó limitador-rexistrador.

1. Respecto do equipo limitador-rexistrador instalado por esixencia regulamentaria ou requirimento municipal, o *titular* queda obrigado a subscribir contrato de mantemento, que garantirá unha revisión anual, na que se levantará certificado de conformidade da instalación, e en caso de avaría a reparación ou substitución nun prazo non superior a 15 días.

2. Así mesmo, é responsabilidade do *titular* ter un exemplar do Libro de Incidencias, que estará a disposición dos axentes da autoridade que o soliciten, no que quedará constancia de calquera intervención efectuada no limitador-rexistrador, con indicación da data e técnico responsable.

Artigo 43.- Carteis de información ós usuarios.

1. Todos os *establecementos* deberán dispoñer dun cartel identificativo, no que constarán como mínimo os datos relativos o tipo de *actividade*, *equipos sonoros* autorizados e horario legal de funcionamento.

a). Este cartel axustarase ós criterios mínimos establecidos no anexo VII-A.

b). Colocarase a unha altura entre 1,5 e 3 m, protexido das accións humanas e climatolóxicas, debendo ser visible dende ó exterior do *establecemento* en todo momento, sen quedar oculto por persianas, rótulos, carteis, etc.

2. A autorización a dispoñer de niveis sonoros superiores ós 90 dBA (valor medio en campo difuso), implica a obrigatoriedade de instalar un aviso de información, axustado ós criterios mínimos establecidos no anexo VII-B, e colocado de forma visible no exterior dos *accesos*.

3. Será responsabilidade do titular a colocación, conservación e adaptación á realidade, dos carteis regulados nos anteriores parágrafos.

Artigo 44.- Implantación de establecementos en solo residencial.

1. Os *establecementos* poderanse implantar en solo con uso residencial cando, ademais de axustarse ó resto das normas, cumpra as seguintes condicións en función da situación dos seus accesos:

1ª. A dimensión do espazo de uso público exterior permita trazar tanxente ó plano de fachada de acceso unha circunferencia dun diámetro 3T, sendo T o tipo de *establecemento*.

2ª. Existan menos de tres *establecementos* tipo 3 e menos de seis sumados os de tipo 2 e 3, cuxos accesos disten do acceso do novo *establecemento* unha distancia de 100 metros.

3ª. Os accesos disten con respecto ós accesos dos *establecementos* autorizados, as seguintes distancias mínimas en función do tipo de *establecemento*:

a) Tipo 1: 10 m respecto ós accesos dos *establecementos* tipo 1, 2 e 3.

b) Tipo 2: 10 m respecto ós do tipo 1 e 50 m ós dos tipos 2 e 3.

c) Tipo 3: 10 m respecto ós tipo 1, 50 m ós de tipo 2 e 75 m ós de tipo 3.

2. No anexo IV establécense as regras para determinar o cumprimento das condicións precedentes.

Artigo 45.- Exencións.

ACTAS E GOBERNO

JACA/jch

Refª: ORCA.doc

Asunto:

Quedan fóra do réxime establecido no artigo anterior os *establecementos* situados nun centro comercial, educativo, sanitario, industrial, administrativo, deportivo, hoteleiro, estacións de viaxeiros e en xeral, calquera outro similar, cando se dean todas as circunstancias seguintes:

1ª. Que a *actividade* funcione exclusivamente no horario do centro.

2ª. Que o acceso á *actividade* non se realice directamente dende a vía pública, senón dende o centro o cal pertence. Considerarase esta situación cando o acceso ó *establecemento* diste como mínimo 5 metros do acceso ó centro.

3ª. Que o centro teña unha superficie construída non inferior ós 500 m² e a suma da superficie construída reservada para este tipo de *establecementos* non supere ó 20% da total do centro.

Artigo 46.- Prioridade.

1.- Ante dúas solicitudes de instalación que sexan incompatibles entre si, por aplicación das distancias, terá prioridade a primeira solicitude acompañada da documentación completa presentada no rexistro xeral.

2. A resposta afirmativa a unha consulta acerca da posibilidade de instalar unha *actividade* non xera automaticamente un dereito para a súa implantación.

Sección 3ª. Outras actividades en edificios con uso residencial.

Artigo 47.- Alcance da regulación.

O resto das *actividades* situadas en compatibilidade co uso residencial, ademais de estar sometidas as prescricións do capítulo I e o cumprimento dos requisitos establecidos na sección 1ª deste capítulo, adoptarán as medidas que se establecen nos artigos seguintes.

Artigo 48.- Uso industrial.

1. O nivel de illamento, xustificarse no proxecto en función das características sonoras do proceso produtivo e da maquinaria para instalar, etc.

2. Naquelas *actividades* susceptibles de causar altos niveis de ruído por impactos ou trepidacións esixirase a instalación do solo flotante ou desolidarizado, con índice de illamento ó ruído de impacto non superior a 35 dB con respecto á *vivenda* máis afectada. Tales *actividades* comprenden pero non se limitan a obradoiros de panificadoras, imprentas, talleres onde se manexe perfilería metálica pesada, e similares.

Artigo 49.- Usos administrativo e comercial.

1. Cando a *actividade* se desenvolva total ou parcialmente entre as 22 e as 8 horas o illamento ó ruído aéreo será de 55 dB con respecto á *vivenda* máis afectada.

2. Nos *establecementos* comerciais do ramo da alimentación, cando sexan estremeiros por paramentos horizontais ou verticais con *vivendas* dotarase de solo estruturalmente flotante ou desolidarizado, as seguintes zonas:

a). As salas de compresores das instalacións de frío.

b). A zona de taxos das carnicerías e supermercados.

c). Nos *establecementos* con superficie de venda superior a 500 m², os corredores por onde circule a mercadoría dende o exterior ata os almacéns,

Artigo 50.- Outras actividades.

1. No caso das *actividades* para as que non se esixe un illamento acústico concreto este deducirase do estudo xustificativo que se establece no anexo V.

2. Os recintos onde se prevexa elevados niveis de ruído de impacto (salas de xogos, de práctica de baile, de máquinas de musculación, etc.), disporán de solo flotante ou desolidarizado cun índice a ruído de impacto non superior a 35 dB.

TÍTULO V. Ruído de vehículos.

Artigo 51.- Condición xeral de circulación.

Todo vehículo de tracción mecánica en circulación polas vías públicas deberá ter en boas condicións de funcionamento calquera mecanismo capaz de producir ruído, especialmente o dispositivo silenciador de escape, coa finalidade de que o nivel sonoro emitido, tanto en circulación como en réxime de parada, non exceda os límites admisibles.

Artigo 52.- Prohibicións xerais.

Queda prohibido en xeral producir ruídos molestos debidos a:

1º. Circular con silenciadores ineficaces deteriorados ou non homologados.

2º. Circular forzando as marchas ou con aceleracións innecesarias.

3º. Ó volume elevado dos equipos de música cas fiestras abertas.

4º. Ó uso de bucinas, agás en casos de perigo de colisión ou que se trate de servizos públicos de urxencia ou privados no auxilio urxente de persoas.

Artigo 53.- Control dos vehículos.

1. De acordo co establecido nos artigos precedentes, os axentes de mobilidade e da Policía Local poderán deter a todo vehículo en circulación que, o seu xuízo, presente indicios de superar os niveis máximos admisibles, procedéndose a comprobar a adecuación dos seus elementos á normativa vixente e/ou a realizar a medida da emisión sonora de conformidade co anexo III.

2. Constatadas deficiencias na inspección efectuada, denunciaranse estes feitos e requiriranse as actuacións pertinentes sobre o vehículo para que retorne ós valores admisibles de emisión e a adecuación dos seus compoñentes á lexislación.

3. A tramitación do correspondente procedemento sancionador realizárase de acordo ca normativa sobre tráfico, circulación de vehículos e seguridade viaria.

4. A subsanación das deficiencias deberase acreditar mediante certificado oficial, no prazo máximo de 20 días. O anterior entenderase sen prexuízo das comprobacións que se leven a cabo por parte dos axentes da autoridade.

5. Transcorrido o prazo sinalado no parágrafo anterior sen acreditarse a subsanación das deficiencias, acordárase a inmovilización do vehículo.

ACTAS E GOBERNO

JACA/jch

Refª: ORCA.doc

Asunto:

6. Así mesmo procederá a inmovilización de aqueles vehículos que circulen a “escape libre” ou xeren niveis superiores en mais de 10 dBA sobre o valor de homologación correspondente.

7. De non respectar o vehículo a inmovilización polas causas anteriormente citadas procederase o seu traslado ó depósito municipal.

TÍTULO VI. Outros emisores acústicos.

Artigo 54.- O ruído e a convivencia cidadá.

1. A produción de ruídos nas zonas de pública convivencia ou no interior dos edificios non poderán superar os límites de boa convivencia cidadá.

2. Non se considerarán actividades tolerables, cando superen os límites establecidos no artigo 13 (táboa II), os seguintes:

a) O ton excesivamente elevado da voz humana.

b) Os sons dos diversos animais domésticos.

c) O uso de electrodomésticos, instrumentos musicais ou audiovisuais.

d) Os traballos domésticos realizados entre as 22 e as 8 horas.

e) O disparo de produtos pirotécnicos fora dos lugares e actos autorizados.

f) Calquera outra actividade ou comportamento persoal non comprendido nos parágrafos anteriores que comporte unha perturbación evitable coa observancia dunha conduta cívica normal.

Artigo 55.- Intervención municipal.

1. En relación co disposto no artigo anterior e a instancia dos interesados, os axentes municipais realizarán medicións de ruído no interior dos edificios orixinado polas causas aludidas no artigo anterior, dando lugar ós correspondentes procedementos sancionadores.

2. Nos espazos exteriores, a Policía Local, de oficio, poderá requirir un cambio de actitude naqueles cidadáns nos que aprecie comportamentos incívicos que redunden nunha evidente molestia para a cidadanía. No caso de non ser atendidas as súas indicacións, os axentes denunciarán tales actitudes.

Artigo 56.- Equipos sonoros nos espazos públicos exteriores.

1. Con carácter xeral, prohibese o emprego de todo dispositivo sonoro con fins de propaganda, reclamo ou distracción, sen a expresa autorización, na que se establecerán os límites precisos.

2. Esta prohibición non rexerá nos casos de alarma, urxencia e outros motivos de natureza análoga.

Artigo 57.- Eventos nos espazos públicos exteriores.

1. Cando se organicen actos de interese público, de carácter social, relixioso, político, cultural, lúdico, deportivo ou calquera outro de especial significación e consenso entre a poboación, o Concello poderá adoptar as medidas necesarias para dispensar nos sectores afectados e durante a realización de aqueles os obxectivos de calidade acústica aplicables.

2. Ós efectos do disposto no parágrafo anterior e considerando os equipos de megafonía máis habituais nestes eventos establécense con carácter xeral os límites de emisión seguintes, medidos a 5 m dos alt falantes:

a). Actuacións en vivo: 95 dBA.

b). Barracas: 85 dBA.

c). Animación rueira: 75 dBA.

3. Estes niveis xenéricos poderanse modificar en función das posibilidades do entorno e condicionalos a un horario na autorización municipal.

Artigo 58. Traballos nos espazos exteriores.

1. As operacións de carga, descarga de mercadorías, o servizo público de limpeza e recollida de lixo, e calquera outro traballo realizado no exterior, deberanse realizar coas medidas e precaucións necesarias para alterar o mínimo posible a tranquilidade cidadá.

2. A maquinaria utilizada en espazos exteriores, deberá estar axustada ás prescricións establecidas na normativa reguladora de emisións sonoras de maquinaria de uso ó aire libre.

3. O Concello poderá esixir a adopción das medidas oportunas, na medida que a técnica o permita, co fin de minimizar as molestias producidas.

Artigo 59.- Obras.

1. Con carácter xeral, as obras realizadas na vía pública e nas edificacións, entre as 8:00 e as 22:00 horas, nos días laborais, ou entre as 10:00 e as 20:00 en domingos e festivos, non xerarán niveis sonoros superiores en 30 decibelios ós valores establecidos no artigo 13. Noutro horario como norma xeral, non poderán xerar niveis sonoros superiores ós valores expresados no artigo 13.

2. Se fose inevitable a realización de obras con nivel de inmisión superior ó indicado anteriormente, o Concello poderá limitar o número de horas de traballo ou impoñer a aplicación dunha tecnoloxía con menor incidencia sonora, dentro das posibilidades técnicas dispoñibles.

3. O disposto neste artigo non será aplicable a situacións de emerxencia.

Artigo 60.- Alarmas sonoras.

1. Os *titulares* de instalacións de alarma sonoras deberán dar coñecemento á Policía Local da posta en funcionamento destas instalacións, así como un teléfono de contacto para ser informados no caso de funcionamento da instalación.

2. Autorizaranse probas e ensaios dos sistemas de alarma, que poderán efectuarse entre as 10:00 e as 20:00 horas. A Policía Local deberá coñecer previamente o plan destas comprobacións.

3. Cando o anormal funcionamento dun sistema de alarma produza molestias á veciñanza e non sexa posible localizar o responsable da instalación, a Policía Local asistida por persoal técnico, poderá inhabilitar o sistema de alarma.

4. Naqueles casos de alarmas instaladas nos vehículos, e que estean en funcionamento por un tempo superior a 10 minutos, a Policía Local, valorando a

ACTAS E GOBERNO

JACA/jch

Refª: ORCA.doc

Asunto:

gravidade da perturbación, a imposibilidade de desconexión da alarma e o prexuízo á tranquilidade pública, poderá chegar á retirada do vehículo ó depósito municipal.

5. O custo orixinado pola inhabilitación do sistema ou retirada do vehículo seranlle repercutidos ó *titular*.

Artigo 61.- Terrazas e veladores.

1. A autorización para instalar terrazas e veladores vinculados a un *establecemento* queda suxeita ás seguintes prescricións:

a) Non se concederá autorización cando estea vinculada a *establecementos* tipo 2 e 3 situados en áreas con uso residencial.

b) No resto de casos, poderase conceder autorización, establecendo no seu caso, os condicionantes oportunos para evitar afección sonora importante ó entorno.

2. Queda prohibida en xeral a instalación de terrazas en lugares distintos dos expresamente autorizados, así como de *equipos sonoros* nas mesmas.

TÍTULO VII. Réxime xurídico.

Capítulo I. Inspección municipal.

Artigo 62.- Principios xerais.

1. Os axentes da autoridade debidamente acreditados poderán levar a cabo visitas de inspección en calquera momento ás *actividades* e instalacións en funcionamento, para comprobar o cumprimento das prescricións desta ordenanza.

2. Os responsables das instalacións e *actividades* deberán facilitar a inspección achegando a axuda que sexa precisa.

3. O Concello, no exercicio das súas funcións inspectoras, poderá solicitar estudos e certificacións acústicas a organismos de control acreditados.

Artigo 63.- Inspección por denuncia.

1. Poderá iniciarse expediente en virtude de denuncia de axente da autoridade ou de persoa física ou xurídica, susceptible de ser considerada interesada.

2. De resultar notoriamente inxustificadas as denuncias e producirse de xeito reiterado, o Concello poderá esixirlle á persoa denunciante os gastos orixinados polas actuacións, conforme ó establecido na ordenanza fiscal correspondente.

Artigo 64.- Procedemento de inspección.

1. Con carácter xeral e sen prexuízo das verificacións que se leven a cabo no local e instalacións, o acto de inspección tenderá a verificar se ós espazos próximos ó foco emisor se transmiten niveis sonoros superiores ós valores límite.

2. Cando as persoas responsables dos espazos afectados polo ruído denegaran o acceso para efectuar as comprobacións, os funcionarios inspectores realizarán as comprobacións que, ó marxe desta limitación, consideren adecuadas para diagnosticar o estado da instalación ou *establecemento* inspeccionado.

3. Naqueles supostos nos que se presuma que pode existir un comportamento fraudulento, o persoal municipal poderá realizar as comprobacións que considere oportunas, sen necesidade de previa cita ó responsable.

Capítulo II. Disciplina acústica.

Artigo 65.- Infraccións moi graves.

1. Conceptúanse como moi graves as seguintes infraccións:

- a). O incumprimento das obrigacións derivadas da imposición das medidas cautelares reguladas no artigo 72.
- b). Calquera das infraccións especificadas no artigo 66 cando dea lugar a un deterioro grave para o medio ambiente ou se poña en perigo grave a saúde das persoas.

Artigo 66.- Infraccións graves.

Cando non reúnan as condicións para unha tipificación de maior gravidade, conceptúanse como graves, en grao mínimo, medio e máximo as faltas seguintes.

1. En grao máximo considerarase a reincidencia na comisión de dúas faltas graves de grao medio.
2. Conceptúanse como infraccións graves en grao medio:
 - a) Transmitir ó interior dos edificios niveis sonoros superiores ós límites establecidos no artigo 13, procedentes de *equipos de megafonía* dotados do limitador-rexistrador, imposto por esixencia regulamentaria ou requirimento municipal.
 - b) A reincidencia na comisión de dúas faltas graves de grao mínimo.
3. Cando a infracción non reúna as condicións para unha clasificación de maior gravidade, conceptúanse como infraccións graves en grao mínimo:
 - a) Transmitir niveis de ruído superiores ós límites establecidos.
 - b) O incumprimento dos deberes establecidos nos artigos 24, 42 e 43.
 - c) Calquera outro falseamento ou ocultación maliciosa dos datos necesarios para a inspección ou para a tramitación das autorizacións administrativas.
 - d) Calquera outro incumprimento en materia de contaminación acústica, das condicións establecidas na autorización de funcionamento ou contempladas na documentación técnica, ou noutras figuras de intervención administrativa.
 - e) O atraso ou obstrución á actividade de control da Administración municipal. Como tal considerarase a repetida incomparecencia sen causa xustificada ó acto de inspección debidamente notificado.

Artigo 67.- Infraccións leves.

1. Conceptúanse como infraccións leves en grao máximo a reincidencia na comisión de dúas faltas leves de grao medio.
2. Conceptúanse como infraccións leves en grao medio as seguintes:
 - a) A non comunicación á Administración municipal dentro dos prazos establecidos dos datos requiridos por esta.
 - b) A reincidencia na comisión de dúas faltas leves de grao mínimo.

ACTAS E GOBERNO

JACA/jch

Refª: ORCA.doc

Asunto:

3. Conceptúanse como infraccións leves en grao mínimo as seguintes:

- a) Calquera perturbación distinta das consideradas como actividades normais da convivencia cidadá, cando se dean as circunstancias do artigo 54.2.
- b) Non atender á Policía Local en atención ó disposto no artigo 55.2.
- c) Calquera incumprimento das obrigas ou previsións establecidas nesta ordenanza, cando non estea cualificada expresamente con maior gravidade.

Artigo 68.- Sancións.

As infraccións previstas nesta ordenanza sancionaranse da forma seguinte:

1. De forma pecuniaria:

a) Infraccións leves:

- a.1) En grao máximo: de 301 a 600 euros.
- a.2) En grao medio: de 151 a 300 euros.
- a.3) En grao mínimo: ata 150 euros.

b) Infraccións graves:

- b.1) En grao máximo: de 6001 a 12000 euros.
- b.2) En grao medio: de 3001 a 6000 euros.
- b.3) En grao mínimo: de 601 a 3000 euros.
- c) Infraccións moi graves: de 12001 a 300000 euros.

2. Compatibles cas anteriores determínanse as seguintes sancións non pecuniarias:

a) Nas faltas leves, suspensión da autorización ata un mes.

b) No caso das infraccións graves:

- b.1) Suspensión da autorización entre un mes e un día ata un ano.
- b.2) Clausura total ou parcial da instalación como máximo por dous anos.

c) No caso das infraccións moi graves:

c.1) Revogación definitiva da autorización ou suspensión temporal da mesma por un tempo entre un ano e un día ata cinco anos.

c.2) Clausura total ou parcial do *establecemento* de forma definitiva ou temporal por un prazo non inferior a dous anos nin superior a cinco.

c.3) O precintado temporal ou definitivo das instalacións.

c.4) Publicación, a través dos medios oportunos, das sancións impostas, unha vez que estas adquiran firmeza en vía administrativa, así como a natureza das infraccións e a identificación dos responsables.

Artigo 69.- Graduación das sancións.

1. Co fin de graduar con maior precisión as sancións, a contía correspondente a cada tramo graduarase tendo en conta as circunstancias do responsable (grao de culpa, continuidade, capacidade de control sobre o emisor, participación e beneficio obtido), e en función do dano causado (grao de afección, marxe sonoro superado, extensión xeográfica, número de persoas afectadas, etc.).

2. No caso das sancións moi graves, graduaranse tendo en conta como criterio prevalente a intensidade do dano causado.

3. Terán a consideración de circunstancias agravantes:

- A comisión repetida de infraccións cando non supoña reincidencia.

- A existencia de advertencias previas da autoridade ou dos seus axentes.
- Que se trate de ruído cualificado como inducido polo artigo 6.2.
- Que o lugar receptor afectado sexa un *recinto protexido*.
- Que se produza no período de maior interferencia para o lugar receptor.

4. Sen prexuízo da existencia doutras circunstancias de análoga consideración, considerarase atenuante da responsabilidade a colaboración activa e voluntaria para corrixir a afección.

Artigo 70.- Compatibilidade das sancións.

1. Cando un mesmo feito resulte sancionable de acordo con esta ordenanza e outra norma en materia de contaminación acústica, resolveranse os expedientes sancionadores correspondentes impoñendo unicamente a sanción máis elevada.

2. Non se considerará que existe duplicidade de sancións cando se infrinxa outra norma sectorial encamiñada á protección de valores distintos á materia acústica.

Artigo 71.- Responsabilidade.

1. Son persoas responsables das infraccións a esta ordenanza as seguintes:

- a) Das cometidas no exercicio das *actividades*, a titularidade.
- b) Das cometidas nos edificios, as persoas arrendatarias ou propietarias.
- c) Das cometidas polos animais a persoa coidadora ou propietaria.
- d) Das cometidas polas obras o promotor ou o construtor.
- e) Das cometidas por actos persoais o causante da perturbación.
- f) Das cometidas na utilización dos vehículos, cando resulten do estado do vehículo, o seu propietario e cando sexan consecuencia da conducción, o condutor.
- g) Das demais infraccións, quen subsidiariamente resulte responsable segundo as normas específicas.

2. A responsabilidade será solidaria cando, resultando varias persoas responsables non sexa posible determinar o grao de participación de cada unha.

Artigo 72.- Medidas cautelares.

1. Unha vez incoado o procedemento sancionador, o órgano competente para impoñer a sanción, poderá acordar a inmediata retirada ou precinto de instalacións, o cese da actividade perturbadora, clausura total ou parcial de *establecementos*, a retirada temporal da licenza, ou calquera outra medida imprescindible para evitar a persistencia das molestias ou da actuación infractora.

2. Cando se acorde o precinto dunha instalación e non fora posible este acto pola retirada desta instalación, considerarase cumprida esta medida cautelar. A reinstalación sen autorización da instalación, causará os mesmos efectos que o seu desprecinto efectivo.

Artigo 73.- Multas coercitivas.

Unha vez finalizado o procedemento sancionador e co fin de obrigar á adopción das medidas ordenadas, con independencia da sanción que corresponda pola comisión das infraccións reguladas neste título, poderase impoñer multas

ACTAS E GOBERNO

JACA/jch

Refª: ORCA.doc

Asunto:

coercitivas de ata 3005,06 euros cada unha, reiteradas por lapsos de tempo suficientes para cumprir o ordenado.

TÍTULO VIII. Órganos colexiados.

Artigo 74.- Comisión Técnica.

1. A Administración municipal poderá crear unha comisión integrada por persoal pertencente ás áreas que teñan relación cos procedementos afectados por esta ordenanza, sendo presidida por algún dos concelleiros delegados destas áreas.

2. Esta comisión terá como finalidade debater as diferentes interpretacións que puidesen existir sobre esta norma, así como efectuar propostas para a resolución de situacións singulares que xurdiran durante a súa aplicación, e que pola súa complexidade aconsellen ser estudadas de forma colexiada.

3. Os acordos que se adopten pola Comisión Técnica, elevaranse á Xunta de Goberno Local que, unha vez aprobados, producirán efectos, tendo carácter de instrución de servizo, de obrigado e xeral cumprimento para a Administración municipal.

Artigo 75.- Mesa do ruído.

1. A Mesa do Ruído constitúese como un órgano de defensa dos intereses dos distintos colectivos en ela representados, detectando deficiencias na actuación administrativa municipal na aplicación desta ordenanza e oportunidades de mellora, con traslado de suxestións e queixas que se deriven, así como promover e facilitar a conciliación e mediación nos conflitos xurdidos entre os distintos sectores sociais, a través da consulta, concertación e participación entre a cidadanía e o Concello.

2. A súa composición e réxime de funcionamento estará determinada mediante acordo do Concello Pleno.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS.

PRIMEIRA.

O réxime que establece esta ordenanza enténdese sen prexuízo das intervencións que correspondan a outros organismos públicos na esfera das súas respectivas competencias.

SEGUNDA.

En todo aquilo non previsto nesta ordenanza, estarase ó disposto na Lei 37/2003, do 17 de novembro do ruído, nas súas normas de desenvolvemento e, no seu caso, normativa autonómica.

TERCEIRA.

Cando na presente ordenanza se realicen alusións a normas específicas, a referencia entenderase extensiva á norma que, por nova promulgación, substituíra á mencionada.

CUARTA.

Queda facultada a Xunta de Goberno Local para establecer cantos criterios sexan necesarios para o desenvolvemento e interpretación desta ordenanza.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS.

PRIMEIRA. Adaptación xeral.

1. As *actividades* e instalacións autorizadas con anterioridade á entrada en vigor desta ordenanza deberán adoptar as medidas necesarias para o cumprimento dos valores límite establecidos no artigo 13 no prazo de 12 meses.

2. Os *establecementos* onde se implanten estas *actividades* deberán acomodarse ó regulado nesta ordenanza nos supostos e co alcance seguintes:

2.1. No relativo ó illamento acústico cando se realicen obras que excedan as de mera conservación e limpeza, afectando ás seguintes partes:

- a) Nos paramentos directamente afectados polas reformas.
- b) En toda dependencia resultante dunha ampliación.

2.2. En calquera outra medida correctora das reguladas nesta ordenanza, congruente coa problemática existente, cando así se impoña con carácter sobrevido por incumprirse de forma reiterada os niveis de ruído establecidos no artigo 13.

3. Nos casos nos que resultase especialmente dificultoso adaptarse a medida correctora imposta, e así quede acreditado, o Concello poderá reducir a esixencia da referida condición, establecendo no seu caso, outras medidas complementarias de eficacia non inferior e/ou limitacións no funcionamento da *actividade* co obxecto de cumprir os valores límite.

SEGUNDA. Adaptación de *actividades de hostalaría-ocio*.

Os *establecementos* con licenza á entrada en vigor desta ordenanza, ademais do establecido na disposición anterior deberán acomodarse ó regulado nesta ordenanza nos supostos seguintes:

a) No relativo ós carteis regulados no artigo 43, nun prazo máximo de doce meses dende a aprobación desta ordenanza:

b) No referido ó limitador-rexistrador regulado no artigo 40, cando se dispoña de *equipos de megafonía*, nun prazo máximo de doce meses.

c) No relativo ó illamento acústico en todo o *establecemento* ó ampliar a superficie construída en máis do 25 % do autorizado con anterioridade á entrada en vigor desta norma.

d) No caso dos *establecementos* que realicen un cambio de *actividade* que implique aumento da hora legal de peche, deberanse acomodar integramente ó contido desta ordenanza como se de unha nova implantación se tratara.

ACTAS E GOBERNO

JACA/jch

Refª: ORCA.doc

Asunto:

TERCEIRA. Novos equipos sonoros nos establecementos preexistentes.

Os equipos sonoros que se instalen nos *establecementos* con licenza á entrada en vigor desta ordenanza axustaranse as seguintes regras:

a) *Establecementos* con illamento inferior ós 60 decibelios ($l_a < 60$). So se permitirá a instalación dos equipos aludidos no parágrafo 1, do artigo 39.

b) *Establecementos* con illamento superior ó anterior e inferior a 65 decibelios ($60 \leq l_a < 65$). Poderán dispoñer de aparellos de radio, TV, fío musical e amplificador de potencia ata 100 W, con altosfalantes repartidos polo local cun nivel de emisión máximo de 80 dBA, tarado por calquera medio.

c) *Establecementos* con illamento igual ou superior a 65 decibelios ($l_a \geq 65$). Ademais dos anteriores poderán dispoñer de equipo reprodutor, con amplificador de potencia e nivel de emisión adaptada a tipoloxía do *establecemento* (artigo 39), configuración do vestíbulo (artigo 38) e illamento dispoñible (artigo 30).

DISPOSICIÓN DERROGATORIA.

Ca entrada en vigor desta ordenanza queda derogada a ordenanza xeral municipal reguladora da contaminación acústica, do 16 de decembro de 1997, o Título III da ordenanza municipal de protección ambiental, do 19 de xuño de 1995, e cantas disposicións municipais, resulten incompatibles cos preceptos desta.

DISPOSICIÓN FINAL.

Esta ordenanza entrará en vigor ós quince (15) días da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

ANEXO I. Medida do nivel sonoro xerado por emisores fixos.

A determinación do nivel sonoro xerado por emisores fixos aludidos no artigo 7.1 realizarase conforme ás prescricións de carácter mínimo que a continuación se establecen:

1. Precaucións xerais.

En previsión de erros na medición, adoptaranse as seguintes precaucións:

a) O observador situarase no plano normal ó eixe do micrófono e o máis separado del, sendo compatible a súa posición coa lectura correcta do indicador.

b) Coidarase a posición do micrófono para conseguir lecturas que non estean interferidas pola súa posición direccional, segundo indicacións do fabricante.

c) Respetaranse as especificacións no uso do sonómetro, relativas á temperatura, humidade, vibracións e campos electromagnéticos.

d) O sonómetro controlarase polo menos unha vez antes e despois de cada serie de medidas diarias, mediante calibrador acústico.

e) Elixirase a localización e o momento en que menos influencia exista de rúidos alleos ó obxecto da medición, reducindo o ruído no lugar receptor.

2. Procedemento de medición do nivel sonoro.

2.1. O nivel sonoro medio nun período temporal de medida, queda definido polo valor redondeado máis alto dunha serie de, polo menos, tres rexistros

separados en intervalos de 3 minutos como mínimo, descartados os valores que por razóns técnicas non se poidan considerar válidos.

2.2. Considerase a serie estatisticamente representativa cando a diferenza entre os valores extremos non é superior a 6 dB. Se fose maior, repetirase o proceso, obtendo unha nova serie de rexistros. De producirse un valor de rexistro moi diferenciado do resto, investigarase a súa orixe e efectuaranse 5 rexistros como mínimo dunha duración de 5 segundos, de xeito que o foco orixe de dito valor entre en funcionamento en cada rexistro. En caso contrario aceptárase a serie.

2.3. A duración t_i de cada rexistro dependerá da natureza do ruído a medir, de tal xeito que sexa representativa da súa evolución temporal, permita unha certa estabilidade do nivel equivalente e sexa compatible co ruído de fondo. En xeral consideraranse tempos dende 5 segundos ata varios minutos.

3. Obtención dos valores característicos.

3.1. En xeral, o parámetro descritor dun rexistro durante un tempo t_i é o nivel continuo equivalente A corrixido cas penalizacións que correspondan no seu caso. Responde a fórmula $L_{K_{eq},t_i} = L_{A_{eq},t_i} + \sum K_j$, tendo en conta que a suma das penalizacións non será superior a 9 decibelios ($\sum K_j = K_t + K_f + K_i \leq 9$ dB).

Estas penalizacións non se aplicarán na avaliación de niveis sonoros cando os seus límites estean expresados en "dBA".

3.2. As penalizacións obteranse de acordo co procedemento seguinte:

a) A penalización K_t por compoñentes tonais emerxentes obterase medindo o espectro sonoro en bandas de terzo de oitava, entre 20 e 10.000 Hz, e determinando aquela banda máis preponderante sobre as laterais. En función do parámetro Δt , definido como a diferenza entre o nivel equivalente L_i , da banda preponderante e a media aritmética dos niveis equivalentes L_{i-1} , L_{i+1} das súas bandas laterais obterase a corrección K_t , dado pola seguinte táboa:

$\Delta t = L_i - (L_{i-1} + L_{i+1})/2$					
20-125 Hz		160-400 Hz		500-10000 Hz	
$\Delta t < 8$	$K_t = 0$	$\Delta t < 5$	$K_t = 0$	$\Delta t < 3$	$K_t = 0$
$8 \leq \Delta t \leq 12$	$K_t = 3$	$5 \leq \Delta t \leq 8$	$K_t = 3$	$3 \leq \Delta t \leq 5$	$K_t = 3$
$\Delta t > 12$	$K_t = 6$	$\Delta t > 8$	$K_t = 6$	$\Delta t > 5$	$K_t = 6$

b). A penalización K_f por compoñentes de baixa frecuencia, cando a diferenza Δf entre os niveis equivalentes cas ponderacións A e C ($\Delta f = L_{C_{eq},t_i} - L_{A_{eq},t_i}$) sexa superior a 10 decibelios obterase da seguinte forma:

b.1. Se non é superior a 15, a penalización será de 3 dB ($10 < \Delta f \leq 15$; $K_f = 3$).

b.2. Se é superior a 15, a penalización será de 6 dB ($\Delta f > 15$; $K_f = 6$).

c). A penalización K_i por ruído impulsivo cando a diferenza Δi entre os niveis continuo de presión sonora equivalente A cas constantes lenta e impulsiva ($\Delta i = L_{A_{eq},t_i} - L_{A_{eq},t_i}$) sexa superior a 10 decibelios obterase da seguinte forma:

c.1. Se non é superior a 15, a penalización será de 3 dB ($10 < \Delta i \leq 15$; $K_i = 3$).

c.2. Se é superior a 15, a penalización será de 6 dB ($\Delta i > 15$; $K_i = 6$).

4. Corrección por ruído de fondo.

ACTAS E GOBERNO

JACA/jch

Refª: ORCA.doc

Asunto:

4.1. Se durante a medición dalgún dos niveis sonoros L_E ós que se fai referencia este anexo se observa a existencia de ruído alleo ó obxecto de medida que puidese afectar ó sentido da mesma, anularase mentres dure a medición.

4.2. Se non fose posible tal anulación, procederase da seguinte forma:

a) Medirase o nivel L_T , conxunto da fonte sonora e o ruído de fondo.

b) Ca fonte sonora parada e mantendo invariables as condicións da medición, medirase o nivel do ruído de fondo L_F . Se non é posible medir ca fonte parada, poderase asociar como valor de ruído de fondo ós períodos nos que exista menor influencia da fonte sonora na medida.

c) En función da diferenza $\Delta_R=L_T-L_F$ procederase da seguinte forma:

1º. Se a diferenza non é maior de 3 dB ($\Delta_R \leq 3$), ó ser o nivel de ruído de fondo superior ó obxecto da avaliación L_E , quedaría indeterminado por dedución directa. Neste caso, se as circunstancias o permiten, poderase avaliar o nivel asociado o ruído de fondo, por medios indirectos, xustificándose no informe.

2º. Se é superior a 3 dB ($\Delta_R > 3$), o valor L_E obterase ca fórmula:

$$L_E = 10 \cdot \text{Log} \left(10^{\frac{L_T}{10}} - 10^{\frac{L_F}{10}} \right)$$

3º. Se é maior de 10 dB ($\Delta_R > 10$), o ruído da fonte poderase aproximar ó determinado como total ($L_E \approx L_T$).

5. Avaliación do nivel de ruído transmitido ó exterior.

5.1. Características ambientais.

Para diminuír a influencia do vento, dotarase ó equipo de borla antivento, e desistirase da medición cando a velocidade sexa maior de 5 m/s.

5.2. Posta en servizo do equipo de medida.

O micrófono estará orientado cara á fonte sonora, a unha altura non inferior a 1,5 metros do solo, e como mínimo a 1,5 metros de superficies reflectantes. Se a distancia é menor aplicarase unha corrección para compensar o efecto da reflexión. A posición da estación de medida a estes efectos contémplanse dúas situacións:

a) Nas medidas realizadas de oficio a estación de medida situarase a 1,5 metros da liña de propiedade do *emisor acústico*.

b) Nas medidas realizadas a instancia de parte a estación de medida situarase sobre a liña de propiedade afectada, asegurándose que o ruído recibido corresponda ca onda sonora incidente en condicións de campo libre. A estes efectos contémplanse dúas situacións

b.1) En reclamacións puntuais tomarase unha estación de medida que corresponda co lugar obxecto de reclamación.

b.2) En reclamacións colectivas, as estacións de medida serán xustificadas na memoria técnica deles.

5.3. Limitacións para determinar o nivel de ruído exterior.

Dadas as dificultades técnicas que comporta a avaliación do ruído exterior e co fin de garantir a fiabilidade das medicións, concrétanse as limitacións establecidas para determinar tal parámetro en cada nivel de capacitación.

a) Medidas de vixilancia. Poderán caracterizar o nivel de ruído exterior cando a fonte sonora sexa individualizada e diste menos de 50 metros do punto de medición. Nestas condicións estímase unha incerteza de medición de 3 decibelios.

b) Medidas de verificación. Poderán determinar o nivel de ruído exterior cando sexa un *emisor acústico* con carácter individual. Cando a fonte sonora diste máis de 100 m dos puntos de medida, determinarase a incerteza da medición.

c) Medidas de acreditación. Poderán caracterizar o nivel de ruído exterior sen ningún tipo de limitación, pormenorizando no informe de medición a metodoloxía seguida.

6. Avaliación do nivel de ruído transmitido ó interior.

6.1. Características ambientais.

A medición realizarase coas fiestras e portas do recinto pechadas, de modo que se produza a mínima influencia do ruído exterior, reducindo ó mínimo imprescindible o número de persoas asistentes á medición.

6.2. Posta en estación do equipo de medida.

As posicións de medida cumprirán as seguintes condicións:

a) Situarase a unha distancia mínima de 1 m das paredes do recinto, a 1,5 metros das fiestras exteriores e a unha altura do solo entre 1,2 e 1,5 m.

b) Medirase ó menos en tres posicións, separadas entre sí 0,5 m.

c) En caso de imposibilidade de cumprir con requisitos anteriores situarase o micrófono no centro do recinto a 1,5 m de altura.

d) Orientarase cara a parede máis relevante na transmisión do ruído.

ANEXO II. Determinación do illamento acústico dos recintos.

Para cuantificar o illamento acústico “in situ”, complementariamente ó determinado na norma UNE-EN ISO 140, partes 4, 7 e 14, seguiranse as seguintes prescricións:

A. Requisitos na medida do illamento acústico.

1. En todo caso:

a) O nivel de presión debe medirse utilizando filtros de $\frac{1}{3}$ de oitava entre 100 e 3150 Hz como mínimo.

b) O nivel de presión acústica será a media espazo-temporal, dun certo número de posicións de micrófono fixas ou en movemento continuo, con integración do nivel de presión sonora.

c) Se o *establecemento* está distribuído en varias dependencias, tomarase como sala emisora aquela na que se desenvolva a actividade. Cando a *actividade* se desenvolva en varias dependencias, tomarase como emisora a máis próxima ó recinto receptor.

2. No caso do illamento ó ruído aéreo.

a) O son producido na sala de emisión debe ser estable no tempo e ter un espectro continuo. A fonte de ruído debe estar colocada de xeito que produza un campo o máis difuso posible e a unha distancia tal da mostra que a radiación directa sobre esta non sexa predominante.

ACTAS E GOBERNO

JACA/jch

Refª: ORCA.doc

Asunto:

b) A fonte situarase ó menos en dous puntos diferentes. No caso de utilizar posicións fixas do micrófono, realizaranse un mínimo de 5 rexistros para cada posición da fonte sonora.

c) En todo caso, realizaranse as medicións cas portas de comunicación abertas entre as diferentes dependencias do *establecemento*.

3. No caso do illamento ó do ruído de impacto.

a) A máquina debe colocarse, polo menos, en cinco localizacións diferentes sobre o solo en ensaio. Poden ser necesarias localizacións complementarias no caso de solo anisótropo (con nervaduras, vigas, etc.). A fila de martelos debe orientarse 45° con respecto ás vigas ou nervaduras. A distancia entre a máquina de impactos e as paredes debe ser, polo menos, de 0,5 m.

b) Se a máquina se coloca sobre unha capa moi elástica, interpoñeranse calzos baixo os soportes para asegurar unha caída dos martelos de 40 mm.

4. Para a determinación do tempo de reverberación no recinto receptor, efectuarase un mínimo de seis rexistros en tres puntos.

B. Obtención do índice acústico a ruído de impacto li.

1. Para a obtención do índice dunha soa cifra no caso do illamento acústico, seguiranse as prescricións da Norma UNE-EN ISO 717, partes 1 e 2.

2. Nas condicións definidas nas normas anteriores, defínese o índice de illamento acústico la como o valor ponderado A da diferenza de niveis estandarizada $D_{nT,A}$ e o índice li como o valor ponderado do nivel de presión de ruído de impacto estandarizado L'_{nTw} .

C. Expresión dos resultados.

Os informes en cada ensaio deben conter as indicacións mínimas seguintes:

- a) Nome da entidade que efectuou o ensaio.
- b) Enderezo e data.
- c) Instrumental utilizado.
- d) Relación espacial existente entre recinto emisor e receptor.
- e) Localización das posicións das medidas efectuadas.
- f) Límite da medida cando o nivel de presión sonora non sexa medible a causa do ruído de fondo.
- g) Representación numérica e gráfica do illamento.

ANEXO III. Determinación do nivel sonoro en vehículos.

1. Aparellos de medición.

O nivel sonoro medirase cun sonómetro de clase 1, e o réxime de xiro do motor determinarase por medio dun tacómetro externo, cunha precisión tal que a cifra obtida difira dun 3% como máximo da velocidade efectiva.

2. Características da área de ensaio (Fig. 1).

O chan será liso e con grao de reflexión elevado (formigón, asfalto ou calquera outro revestimento duro). A zona de proba será un rectángulo imaxinario cos lados a 3 metros do contorno do vehículo. Ningún obstáculo relevante ou persoa distinta ó condutor e encargado da medición deberá atoparse no interior do rectángulo. O vehículo situarase no seu interior, e o micrófono quedará a unha distancia mínima dun metro de calquera posible bordo.

3. Nivel sonoro ambiente.

As lecturas do sonómetro causadas polo ruído ambiente serán, inferiores en máis de 10 dBA ó nivel sonoro que se mida.

4. Condición do vehículo.

Antes do inicio da medición, o motor do vehículo poñerase a temperatura normal de funcionamento. Durante a medición, o mando da caixa de cambios permanecerá en punto morto. En caso de que sexa imposible desacoplar a transmisión, deberá permitírselle á roda motriz xirar libremente.

5. Situación do micrófono (fig. 1).

O micrófono deberá estar situado á altura do orificio de escape, e en ningún caso, a menos de 20 cm do solo e situado nunha distancia de 0,5 m. O eixe de máxima estabilidade do micrófono estará nun plano horizontal e formará un ángulo de $45 \pm 10^\circ$ con relación ó plano vertical que define a dirección de saída de escape. Deberá de estar situado do lado do devandito plano vertical que deixe a maior distancia posible entre o micrófono e o contorno do vehículo.

Se o sistema de escape consta de varias saídas que disten menos de 30 cm, o micrófono deberá de orientarse cara ó orificio máis alto ou máis próximo ó lado exterior. Nos demais casos levaranse a cabo na saída de escape co valor máis elevado.

Para os vehículos provistos dunha saída de escape vertical, o micrófono deberá estar situado á altura do orificio de escape orientado cara arriba e co eixe en posición vertical.

Cando partes do vehículo impidan colocar o micrófono de conformidade co disposto anteriormente, o micrófono situarase o máis distante do obstáculo máis próximo, e o seu eixe de sensibilidade máxima deberá estar proxectado cara ó orificio de saída dos gases dende o lugar menos oculto polos obstáculos anteriormente mencionados.


6. Desenvolvemento do ensaio.

En canto se acade o réxime de revolucións especificado no certificado de homologación do vehículo, levarase o acelerador á posición de ralentí. Medirase durante un período que comprenda un mantemento breve do réxime constante así como todo o período de deceleración. O resultado da medición será o que corresponda á indicación máxima do sonómetro en resposta rápida (L_{AFmax}).

7. Número de medidas.

Tomaranse 3 medidas, como mínimo, en cada un dos puntos identificados para a colocación do micrófono. Só se terán en conta os valores obtidos en tres medicións consecutivas, e sempre que as diferenzas respectivas non sexan superiores a 2 dBA. En caso contrario, realizarase a proba de novo. Considerarase o valor máis alto obtido nas medicións.


No caso de que este valor supere en menos de 1 dBA o valor límite admisible, procederase a unha segunda serie. Para que o resultado da proba teña sentido favorable, catro dos resultados obtidos deberán estar dentro do límite.



ANEXO IV. Condición dos accesos dos establecementos.


Para determinar se o acceso dun establecemento de hostalaría-ocio cumpre cas condicións do artigo 44 seguiranse os seguintes pasos.

1ª. Debe existir ó menos un punto na liña de fachada onde se vai a situar o acceso, polo que se pode trazar tanxente unha circunferencia de diámetro 3T.




2ª. Para computar o número de establecementos tipos 2 e 3 xa autorizados que existen nunha distancia de 100 metros seguirase o seguinte procedemento:

a) Cada acceso definirá un “punto de localización” que se determinará proxectando a superficie do oco exterior do acceso sobre o plano de fachada do *establecemento* (fig a). O plano resultante proxectarase a súa vez sobre o plano rasante. Na metade do segmento resultante estará o “punto de localización” (fig b).



b) Dende o “punto de localización” do *establecemento* que se pretende implantar trazaranse todas as traxectorias posibles que transcorran por solo de uso público, ata unha distancia de 100 metros.

c) Se hai máis de dous *establecementos* tipo 3 ($N_3 > 2$) ou máis de cinco *establecementos* sumados os de tipo 3 e tipo 2 ($N_2 + N_3 > 5$), cuxos accesos están comprendidos no espazo abarcado nesa distancia, non se poderá situar nese lugar o acceso ó *establecemento*.




3ª. Para determinar as distancias entre o acceso do *establecemento* a implantar e os xa autorizados (incluídos os de tipo 1), uniranse mediante segmentos seguindo o itinerario máis curto posible que transcorra por solo de uso público.

ACTAS E GOBERNO

JACA/jch

Refª: ORCA.doc

Asunto:



Cada distancia estará definida como a suma de segmentos de menor valor, e non deberá ser inferior cas requiridas en función do tipo de *establecemento*:

Distancia en metros.			
Tipo (T)	1	2	3
1	10	10	10
2	10	50	50
3	10	50	75

Os efectos de este anexo, soamente teranse en conta aqueles *establecementos* que conten coa respectiva licenza vixente, na que non se teña declarado a caducidade.

ANEXO V. Estudo xustificativo do illamento acústico ó ruído aéreo.

Os valores de illamento acústico ó ruído aéreo dos diversos recintos onde se implanten *actividades*, poden ser expresados na seguinte ficha.

Ficha resumen de illamento acústico ó ruído aéreo.							
Niveis sonoros.		Illamento acústico.		I _N	I _E	I _R	I _P
NEI	VLE		Espazos exteriores.		X		
	VLI		Edificios con	Uso residencial.			
				Outros usos.		X	

I_N: Illamento necesario (condicionado polo nivel previsto de emisión NEI e os valores límite VL nos espazos lindeiros): $I_N = NEI - VL + 10$.

I_E: Illamento esixido, no seu caso, por esta norma con respecto ás *vivendas*.

I_R: Illamento requirido (o maior dos anteriores): I_N ou I_E

I_P: Illamento proxectado (proposto polo proxectista): non inferior ó requirido: $I_P \geq I_R$.

VL: Valor límite de transmisión sonora ó exterior e ó interior (artigo 13).

NEI: Niveis de emisión interna previstos no interior da actividade. Agás que o proxectista xustifique un valor diferente, tomarase como nivel de emisión o dado na táboa seguinte:

Hipótese de emisión interior das actividades e instalacións.		
USO.	Actividade.	NEI (dBA)
Hostalaría-ocio.	Tipo 1	85
	Tipo 2	95
	Tipo 3	95-105
Industrial.	Almacéns	75
	Obradores de panificadoras.	80
	Talleres de imprentas.	85
	Talleres artesanais	80
	Talleres de electricidade.	80
	Talleres de mecánica.	85
	Talleres de corte (metal e madeira).	90
	Talleres de chapa e caldeirería.	95
Comercial e administrativo.	Salas de venda.	75
	Almacéns.	75
	Oficinas e salas de atención ó público.	75
	Salas de máquinas.	90
Outras actividades.	Garderías	75
	Academias de ensino xeral.	75
	Salas de conexión a Internet.	75
	Ximnacios.	85
	Ocio infantil.	85
	Bingos	85
	Billares	85
	Salas de recreativos e futbolíns.	90
	Academias de baile	90
	Cines	95
	Academias de música	95
	Salas de ensaios e actuacións musicais.	100

Para *actividades* e instalacións non mencionadas o nivel de emisión deducirase do máis próximo por analogía cos anteriormente establecidos, en base ás características funcionais e horario de funcionamento.

ANEXO VI. Definicións fundamentais.

Para os efectos dunha mellor interpretación desta norma, establécense as seguintes definicións dos conceptos fundamentais que nela aparecen en *cursiva*:

- ACTIVIDADE: desenvolvemento por tempo indefinido dun ou máis usos nun *establecemento*.

- ACTIVIDADE DE HOSTALERÍA-OCIO: Calquera das incluídas na sección 2ª do capítulo II do título IV.

- AMBIENTACIÓN MUSICAL: música xerada por *equipos de megafonía*.

ACTAS E GOBERNO

JACA/jch

Refª: ORCA.doc


Asunto:

- AMENIZACIÓN MUSICAL: música procedente de actuacións en directo.
- CONTAMINACIÓN ACÚSTICA: superación dos límites máximos regulamentados de ruído nun lugar receptor.
- EMISOR ACÚSTICO: calquera actividade, instalación, maquinaria ou comportamento, con capacidade para xerar *contaminación acústica*.
- EQUIPO SONORO: conxunto de elementos electrónicos, que debidamente coordinados, xera son por medio de altosfalantes. A estes efectos se distinguen:
 - a) Equipo audiovisual, cando se limite á difusión de programas transmitidos a distancia por medio de sinais electromagnéticas, ben por vía aérea ou por cable.
 - b) Equipo reprodutor, cando o son proceda de soportes gravados (DVD, CD, memorias informáticas, etc).
- EQUIPO DE MEGAFONÍA: calquera equipo sonoro dotado dunha etapa amplificadora, de potencia total superior a 100 W (RMS).
- ESTABLECEMENTO: Local entendido como un espazo físico determinado e diferenciado onde se exerce unha actividade, incluíndo as dependencias comunicadas entre si.
- RECINTO PROTEXIDO: dependencia dunha edificación destinada a estancia de persoas, que require dunhas especiais condicións acústicas de tranquilidade. Como tales considéranse os dormitorios, salóns, aulas bibliotecas, oficinas, despachos, auditorios, quirófanos, e calquera outra definida así polas normas específicas cando o acondicionamento da mesma permita eses usos.
- VIVENDA: entenderase como tal toda edificación que legalmente poida ter esta condición, independentemente do uso efectivo desenvolto na mesma.
- VLE/VLI: valores límite de recepción sonora para emisores fixos, nas áreas acústicas e recintos respectivamente.

ANEXO VII. Varios.

a) Formato do cartel identificativo da *actividade* (*):

- Material: Resistente á intemperie (cando estea no exterior), e afastado da acción humana.
- Fondo: De tonalidade clara e cor:
 - a) Branca para *establecementos* tipo 1 (bares, cafeterías, etc).
 - b) Azul para *establecementos* tipo 2 (pub, karaokes).
 - c) Rosa para *establecementos* tipo 3 (cafés-concerto, discotecas, etc).
- Cando estea situado no exterior, deberá no seu caso, estar ademais adaptado en canto a materiais e tonalidade da color ás normas estéticas da zona.
- Tipografía: Negra, de fácil lectura (Arial, Times New Roman, etc.).
- Contido e tamaño: Segundo o seguinte exemplo:



b) Formato do cartel de aviso ós usuarios:

Ademais do establecido para o anterior, a cor do fondo será laranxa.

- Texto: Palabra “ATENCIÓN”. En maiúsculas, de cor vermello e 45 mm de altura.
- Resto do texto: En cor negra, bilingüe e 15 mm de altura.
- Contido e tamaño: Segundo o seguinte exemplo:




ACTAS E GOBERNO

JACA/jch

Refª: ORCA.doc

Asunto:




NR-20 (Instalacións cun funcionamento exclusivamente entre 8:00 e 22:00 h.)

NR-10 (Resto de instalacións).

Vestíbulos (exemplos).

A). Establecementos novos Tipo 2 situados en solo con uso residencial e calquera outro con niveis de emisión superiores en 40 dBA sobre o límite exterior: $NEI > VLE + 40$.



B). Establecementos tipo 3 novos situados en solo con uso residencial.

